



ROGO PARA O ARRANXO DA RÚA FEDERICA MONTSENY NO CASTIÑEIRIÑO

A concelleira que subscribe, pertencente ao Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios meses, a veciñanza da rúa Federica Montseny, radicada no barrio do Castiñeiriño nas proximidades de Lamas de Abade, veñen reclamando unha maior atención para esta zona que presentada numerosas deficiencias.

A pesar de ser unha urbanización realtivamente recente, con pouco máis dunha década de vida, polo aspecto da rúa e das beirarrúas semella que leva varias décadas construída, evidenciando unha falta de atención e mantemento que cada paso fai aumentar o deterioro, tal e como se pode constatar nas imaxes que se acompañan como anexo.

As queixas da veciñanza refírense principalmente ao contorno da praza existente, onde o pavimento se atopa moi fracturado, as beirarrúas presentan irregularidades, con sumidoiros atascados que provocan charcos cando chove. Tamén se pode apreciar que os arredores da zona verde central, desprovista de calquera tipo de protección, vense invadidos con frecuencia polos vehículos que ocasionan profundas rodeiras sobre a herba.

A situación de abandono esténdese á continuación desta rúa, logo de cruzar a rúa da Virxe Branca, onde a maleza invade as beirarrúas e os alcorques das árbores están convertidos en auténticas toxeias que chegan ata a propia rúa dificultando o aparcamento e raiando os vehículos.

Ante este estado de cousas, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte rogo:
Tendo en conta o anterior, formúlase o seguinte rogo:

Que o por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se adopten as medidas necesarias para a rehabilitación do pavimento e das beirarrúas da rúa Federica Montseny e que programe un periódico mantemento, que inclúa tamén a necesaria atención ás zonas verdes existentes.

Santiago de Compostela, a 5 de febreiro de 2019

María José Castro Carballal

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

Rúa Federica Montseny – O Castiñeiríño

